

## REQUISITOS DE USO DO SERVIZO: CONSULTORÍA FLX

- Este servizo está dispoñible **en exclusiva para socios e socias da Academia Galega do Audiovisual** que poderán realizar consultas en materia audiovisual en cuestións fiscais, laborais e xurídicas.
- O envío das consultas realízase a través da área privada de usuario na páxina web **www.aco.gal**, en lingua galega ou castelá. As consultas serán asignadas por estrita orde de chegada.
- Unha vez que ACO confirme a recepción da consulta, o usuario do servizo recibirá un código que o remitirá á persoa do equipo asesor encargada de resolvela. Cada consulta será respondida por un só asesor, que permanecerá no anonimato.
- Os socios e socias da Academia poderán realizar un **número ilimitado de consultas**.
- O prazo de envío de consultas está **aberto todo o ano**.
- As **consultas máis frecuentes** e as súas respostas estarán **dispoñibles para todos** os socios e socias.
- As persoas do equipo asesor comprométese a facer bo uso da información á que teñan acceso, sen incorrer en conflitos relacionados coa propiedade intelectual dos proxectos.
- As respostas ás consultas efectuadas **non son vinculantes para a Academia**. Son elaboradas por profesionais externos á mesma, polo que unicamente terán carácter orientador salvo mellor criterio.
- O feito de presentar unha consulta relativa a un proxecto implica que **o usuario posúe os dereitos de propiedade intelectual**. ACO, a Academia Galega do Audiovisual e o Concello de A Coruña quedan expresamente eximidos de calquera conflito que poda xurdir a este respecto.
- Os nomes dos usuarios e os títulos dos traballos asesorados por ACO poderán ser publicados ou reproducidos en accións de promoción e difusión do servizo, se estas se levaren a cabo.
- ACO resérvase o dereito de realizar modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestes criterios, sempre que afecten directamente ao éxito do proxecto. A interpretación destes criterios dependerá exclusivamente dos membros do equipo directivo e da oficina técnica da Academia Galega do Audiovisual.
- O feito de presentar un proxecto implica que a persoa usuaria do servizo acepta os puntos recollidos nestes requisitos de uso.